# Borrar dispositivos iSCSI

- Cando se desexe eliminar a configuración iSCSI dun equipo FreeNAS, aínda que se eliminen os volumes ou discos aos que estean asociados non se borra completamente a configuración iSCSI e iso pode facer que se no futuro lle engadimos novos discos á FreeNAS poida que a configuración iSCSI non eliminada nos interfira na configuración dos novos volumes/discos.

- Nas seguintes imaxes partimos de que recuperamos os dispositivos iSCSI asociados a disco1, disco2 (actual MPIO) e disco3, anteriores a configurar MPIO.

- Borrar dispositivos iSCSI
- 

Na lapela **Estender dispositivos** vemos os dispositivos iSCSI asociados a un disco e a un volume ZFS.
- 

En **Estender ficheiros (mal traducido dispositivos)**.
- 

A configuración da lapela **Destinos**.
- 

A configuración de **Destinos asociados** tamén segue mantendo información.

- 

  En **Volumes activos** borramos o volume **datos**.
- 

  Marcamos o disco como novo.
- 

  Pero ... nas lapelas asociadas a iSCSI aínda hai configuracións, no caso do dispositivo iSCSI asociado a un disco físico ten senso que non se elimine a súa configuración pois nada tiña que ver co volume **Datos**.
- 

  En **Estender ficheiros** segue manténdose a configuración aínda que o volume Datos xa non existes.

- 

En **Destinos** tamén se segue mantendo a configuración iSCSI ...
- 

... en **Destinos asociados** tamén.
- 

Incluso se na configuración física de FreeNAS eliminamos os discos físicos ...
- 

Na configuración de FreeNAS en **Almacenamiento** podemos ver que non hai nin volumes creados nin ...
- 

... discos.

- 


Pero en cambio na configuración iSCSI seguen quedando restos, aínda que o disco ada4 xa nin existe.

- 


O mesmo en **Estender ficheiros (Destinos)**

- 


O mesmo en **Destinos**

- 


O que hai que facer e borrar todo o relativo a iSCSI se se desexa limpar a configuración dos dispositivos. Se non se desexa non é preciso limpar a configuración de Iniciadores, Portais e Acceso autorizados. Neste caso límpase a configuración de **Estender dispositivos** ...

- 


... **Estender ficheiros** ...

- 

... **Destinos**

- 


... e **Destinos asociados**.